

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE DECEMBRO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO POLO PROCEDIMENTO DE URXENCIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE

Convócase un concurso polo procedemento de urxencia para a contratación laboral do persoal docente que se relaciona no Anexo II da presente Resolución. O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

1.- NORMATIVA

Este concurso rexerese polas bases desta convocatoria e pola normativa seguinte:

- a) O Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- b) O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- c) Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007).
- d) Procedemento de actuación para cubrir temporalmente necesidades docentes, aprobado no Consello de Goberno o día 30 de xuño de 2006.
- e) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014.

2.- REQUISITOS DOS CONCURSANTES

Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.1 Requisitos de carácter xeral:

- a) Ser español/a, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveña nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os/as nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados/as, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumprido os dezaseis anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión da titulación esixida en cada unha das prazas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- d) Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impedir o desempeño das funcións.
- f) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.

- g) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos e), f) e g) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

3.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. As persoas que desexen participar neste concurso farano utilizando o modelo de solicitude e de currículo que figuran como anexos III e IV a esta convocatoria (dispoñibles en formato editable no seguinte enlace http://www.udc.es/pdi/_galeria_down/impresos/MODELO_SOLICITUDE_CURRICULO.docx).

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, no prazo de **5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico oficial desta Universidade (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e presentaranse por un dos seguintes medios:**

a) Preferentemente a través da sede electrónica da Universidade (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica. A solicitude (anexo III) e currículo (anexo IV) deberán converterse en formato PDF e asinarse electronicamente. Presentaranse xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

b) En caso de imposibilidade técnica xustificada, poderán realizarse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), na forma que se indica no anexo I.

3.2. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán á súa solicitude cos seguintes documentos na forma que se indica no anexo I:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.
- b) Copia do título académico esixido. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- c) Xustificante do pagamento na conta corrente IBAN ES76 0049 5030 1525 1601 1262, concursos-oposicións; Banco Santander Central Hispano da Coruña, da cantidade de 41,15 euros por cada praza a que se concursa, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, dirixida ao órgano expresado na base 3.1.

Estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia da cualificación do grao de discapacidade.

Así mesmo, estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia do título de familia numerosa, que deberá estar vixente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa, as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego.

- d) Documentos acreditativos dos méritos na forma que se indica no currículo (anexo IV).

3.3. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

3.3.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.

3.3.2. Para a declaración da nota media que se establece no BLOQUE I do currículo deberán utilizarse os arquivos excel que están na páxina web da Universidade dispoñibles en:

3.3.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.3.4. Os interesados responsabilízanse da veracidade dos datos que fagan constar na solicitude, así como dos que figuren no currículo e dos que acheguen na documentación dos méritos correspondentes, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse das inexactitudes dos mesmos.

3.4. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor no Servizo de PDI e poderá retirarse unha vez que a resolución do concurso sexa firme. A documentación que non fora retirada será destruída transcorridos tres meses desde a finalización do procedemento.

4.- PUBLICIDADE DAS RELACIÓNS DE CONCURSANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase unha resolución publicando a relación de concursantes, con mención expresa do nome e apelidos, que se publicará no taboleiro electrónico oficial desta Universidade ([https://sede.udc.gal/services/electronic board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)) e na páxina web: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/.

4.2. De acordo co previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro, estas publicacións surtirán os mesmos efectos da notificación persoal ás persoas interesadas.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. A comisión de selección estará formada polo/a decano/a ou director/a do centro, o/a director/a do departamento e tres profesores do departamento designados por sorteo, preferentemente entre os profesores da área de coñecemento á que corresponda a praza.

5.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de cinco días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

5.3. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (BOE de 2 de outubro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

5.4. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impediren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

5.5. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións de concursantes.

5.6. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5.7. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, seguindo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

6.1. Unha vez publicada a relación dos concursantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá a convocala e constituíla.

6.2. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

6.3. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

6.4. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitiraos ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade:

http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada polos concursantes.

Con carácter xeral, a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

6.5. Os acordos das comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

7. PROPOSTA DA COMISIÓN

7.1. As comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes.

7.2. No prazo de dez días desde a recepción da documentación, a comisión formulará a súa proposta de resolución, na que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

7.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

7.4. A comisión publicará a súa proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro xunto coa acta de puntuacións. Así mesmo remitirá a proposta e a acta de puntuacións ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/

7.6. Finalizada a actuación da comisión, o/a presidente/a desta remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

8.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

8.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuíralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgalá.

8.2. A resolución publicarase, con mención expresa do nome e apelidos, no taboleiro electrónico oficial desta Universidade (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e na páxina web: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/.

Esta publicación surtirá os mesmos efectos da notificación persoal aos/ás interesados/as, segundo o previsto no art. 45.1.b da Lei 39/2015.

8.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

9.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

9.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de cinco días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) para formalizar o correspondente contrato. Se houber lugar a presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, deberá acreditar a correspondente solicitude e o prazo para a contratación quedará automaticamente prorrogado ata a súa resolución.

O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

O desempeño dun segundo posto no sector público unicamente é susceptible de compatibilidade coa figura de profesor asociado, nos termos que establece a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

9.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

9.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

10.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Persoal Docente e Investigador (Rúa da Maestranza, nº 9) e na páxina web da Universidade: (http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/profesorado/seleccioninterinolabcont.pdf).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 27 de decembro de 2017

P.D. do reitor (R.R do 12/01/2016)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,

Alberto Valderruten Vidal

ANEXO I

GUIA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 2 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearanse respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Solicitud.pdf
Curriculo.pdf
Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Vida_laboral.pdf
Acreditacion_avalacion.pdf

A solicitude e o currículo deberán asinarse electronicamente

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque, podendo comprimirse de ser necesario en formato ZIP non cifrado e sen contrasinal e nomearanse da seguinte forma:

BI_Apelidos_nome.pdf.	BV_Apelidos_nome.pdf.
BII_Apelidos_nome.pdf.	BVI_Apelidos_nome.pdf.
BIII_Apelidos_nome.pdf.	Outra_documentacion.pdf
BIV_Apelidos_nome.pdf.	

A documentación xustificativa do currículo que non sexa susceptible de presentarse en formato pdf (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel por un dos medios sinalados na base 3.1.b.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo

2. PRESENTACIÓN POR OUTROS MEDIOS INDICADOS NA BASE 3.1.b

a) A solicitude e o currículo deberán asinarse en todas as súas páxinas e presentaranse en soporte papel.

b) O resto da documentación deberá achegarse en soporte electrónico.

O soporte electrónico utilizado (preferentemente pendrive ou CD/DVD) deberá ser compatible con calquera tipo de computador, e a documentación que conteña estará organizada na forma que se indica a continuación. Acompañarase á solicitude en sobre pechado debidamente identificado co DNI, Apelidos e Nome do candidato e o número da praza á que se aspira.

c) A documentación administrativa a que se refire a base 2 convocatoria deberá achegarse á solicitude en formato pdf e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)
Vida_laboral.pdf
Acreditacion_avalacion.pdf

d) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en soporte electrónico, e en formato PDF.

BI_Apelidos_nome.pdf.	BV_Apelidos_nome.pdf.
BII_Apelidos_nome.pdf.	BVI_Apelidos_nome.pdf.
BIII_Apelidos_nome.pdf.	Outra_documentacion.pdf
BIV_Apelidos_nome.pdf.	

A documentación xustificativa do currículo que non sexa susceptible de presentarse en formato pdf (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN ESIXIDA	OBSERVACIONS
17/1010	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Enxeñaría de sistemas e automática	Enxeñaría Industrial	E.U. Politécnica	770G01018 Fundamentos de electrónica 770G01028 Enxeñaría de control 770G01044 Diagnóstico e supervisión de sistemas	Enxeñeiro Técnico Industrial ou Graduado/a equivalente	Contrato durante o segundo cuatrimestre do curso académico 2017/18 con data de finalización do 24/07/2018.
17/1011	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P03	Métodos cuantitativos para a economía e a empresa	Economía	Facultade de Economía e Empresa	611G02010 Matemáticas II	Licenciado/a ou Graduado/a en Ciencias Económicas e Empresariais, Economía, Administración e Dirección de Empresas ou Matemáticas	Cobertura de baixa por IT
17/1012	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Enxeñaría da Construción	Enxeñaría Civil	E. T. S. Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	632G02030 Formigón estrutural, edificación e prefabricación II 632G01039 Laboratorio de estruturas de formigón 4514021 Análise experimental e motorización de estruturas	Licenciado/a ou Arquitecto/a ou Enxeñeiro/a ou Graduado/a equivalente	Cobertura de Excedencia
17/1013	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Literatura española	Letras	Facultade de Filoloxía	613G01031 Lecturas de literatura española. Teatro 613G01011 Literatura española 613G01026 Literatura española do século de Ouro 2	Licenciado/a en Filoloxía Hispánica, Graduado/a en Español ou titulacións equivalentes	Cobertura de baixa por IT

ANEXO III
MODELO DE SOLICITUDE

Sr. Reitor:

Unha vez que se convocou a concurso público de méritos a praza de profesor desa universidade que a continuación se indica, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.		
Núm. de praza:	Categoría:	Data da convocatoria:
Departamento:		
Area de coñecemento:		
Actividades asignadas á praza:		
Centro:	Cidade:	

II. DATOS PERSOAIS.			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Provincia de nacemento:	D.N.I.nº:
Enderezo:		Teléfono:	Correo electrónico
Municipio:	Código postal:	Provincia:	

III. DATOS ACADÉMICOS.		
Titulo	Centro de expedición	Data de expedición

Documentación que se achega

<input type="checkbox"/> Copia do DNI	<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento	<input type="checkbox"/> Copia do Título	<input type="checkbox"/> Currículo e xustificantes
<input type="checkbox"/> Credencial da avaliación positiva do órgano externo		<input type="checkbox"/> Outros: _____	

D/Dª. _____ solicita ser admitido ao concurso público de méritos para cubrir a praza que se indica e declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e no currículo académico, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En, ___ a _____ de _____ de 201___
(sinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO IV

**CURRÍCULO PARA PARTICIPAR NOS CONCURSOS A PRAZAS DE PROFESORADO
CONTRATADO E INTERINO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
(Axustado ao baremo aprobado no Consello de Goberno de 30-04-2014)****DATOS DA PRAZA**

PRAZA N.º:

Categoría:

Área de coñecemento:

Departamento:

Resolución de data:

DATOS PERSOAIS

DNI:

Nacionalidade:

Apelidos e nome:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

C.P.:

Teléfono:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste CV e dos da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideran derivarse da súa inexactitude

..... de de
(sinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MOI IMPORTANTE

- Os documentos acreditativos dos méritos que se alegan presentaranse a continuación do currículo, numerados e na mesma orde que establece este.
- En cada un dos méritos que se alegan deberá indicarse o n.º de documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito.
- As persoas aspirantes asinarán no pé de cada unha das páxinas do currículo



RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN (É IMPRESCINDIBLE PRESENTALOS NUMERADOS E NESTA MESMA ORDE. EN CADA UN DOS MÉRITOS QUE SE ALEGAN NO CURRÍCULO DEBERÁ INDICARSE O N.º DO DOCUMENTO OU DOCUMENTOS QUE ACREDITA/XUSTIFICA TAL MÉRITO)	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	
16	
17	
18	
19	
20	
21	
22	
23	
24	

MOI IMPORTANTE

- Os documentos acreditativos dos méritos que se alegan presentaranse a continuación do currículo, numerados e na mesma orde que establece este.
- En cada un dos méritos que se alegan deberá indicarse o n.º de documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito.
- As persoas aspirantes asinarán no pé de cada unha das páxinas do currículo



25	
26	
27	
28	
29	
30	
31	
32	
33	
34	
35	
36	
37	
38	
39	
40	
41	
42	
43	
44	
45	
46	
47	
48	
49	
50	

(ENGADA CANTAS FOLLAS SEXAN NECESARIAS)

MOI IMPORTANTE

- Os documentos acreditativos dos méritos que se alegan presentaranse a continuación do currículo, numerados e na mesma orde que establece este.
- En cada un dos méritos que se alegan deberá indicarse o n.º de documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito.
- As persoas aspirantes asinarán no pé de cada unha das páxinas do currículo



BLOQUE I. FORMACIÓN ACADÉMICA DE GRAO

I.1. Nota media dos estudos de diplomatura, enxeñaría, arquitectura, licenciatura ou grao

N.º Doc.:

Título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, diplomado ou graduado en:

Universidade:

Ano:

(É necesario achegar o título e unha certificación académica oficial e declaración de nota media seguindo o establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o cálculo das medias)

I.2. Premios de terminación de estudos

Premio Nacional de Fin de Carreira de Educación Universitaria (márquese o que proceda):

N.º Doc.:

1.º 2.º 3.º Mención Especial

Ano:BOE (indique a data e a páxina):

Premio Extraordinario de Fin de Carreira Autonómico / **Universidade**

N.º Doc.:

Universidade:

Centro:

Ano:

(É necesario achegar unha copia da páxina do diario oficial onde aparece a concesión do Premio Nacional, ou unha certificación académica oficial onde conste o Premio Extraordinario, ou un certificado da entidade concesionaria do premio)

I.3. Outras titulacións universitarias de ciclo curto /longo

N.º Doc.:

a)

b)

(É necesario achegar o título e unha certificación académica oficial e declaración de nota media seguindo o establecido polo Ministerio de Educación para o cálculo das medias)



BLOQUE II. FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSGRAO

N.º Doc.:

II.1. Cursos de mestrado universitario e doutoramento

Só se valorará un dos seguintes apartados:

- a) Estudos de mestrado universitario segundo o RD 56/2005 ou posterior
- b) Estudos de doutoramento segundo o RD 778/1998
- c) Estudos de doutoramento segundo o RD 185/1985

Marque a opción se procede:

O mestrado oficial/programa de doutoramento posúe a Mención cara á Excelencia do MECED

(É necesario achegar o título e unha certificación académica oficial e ademais, para o caso de mestrado, declaración de nota media seguindo o establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o cálculo das medias)

(Se o mestrado universitario ou o programa de doutoramento posúe a Mención cara á excelencia do MECED, deberá achegar a referencia do BOE onde apareza a Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación pola que se conceden as mencións de calidade ou o certificado expedido polo órgano competente da universidade ou autoridade competente do centro de investigación onde así conste)

N.º Doc.:

II.2. Tese de doutoramento

Título da tese:

Director/es da tese (indique a área de coñecemento):

Data de defensa: Cualificación obtida:

Departamento/organismo responsable:

Universidade:

Marque a opción se procede:

A tese posúe a Mención de Doutoramento Europeo/Internacional.

A tese foi distinguida co Premio Extraordinario.

(É necesario achegar certificación académica oficial ou certificado do vicerreitor con competencias en investigación, ou autoridade competente da universidade correspondente, onde consten os datos anteriores)



II.3. Cursos de posgrao relevantes para a praza

Debe indicar a entidade organizadora, a denominación, a duración e a data en que foi realizado.

Entidade organizadora:

N.º Doc.:

Denominación do curso:

Duración: horas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Entidade organizadora:

Denominación do curso:

Duración: horas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Entidade organizadora:

Denominación do curso:

Duración: horas

Data de realización: desde ata

(É necesario achegar unha certificación da entidade organizadora e unha copia do programa do curso)

II.4. Outras accións de formación realizadas

N.º Doc.:

Este apartado é para incluír diplomas **oficiais** de idiomas, certificación do coñecemento da lingua propia da comunidade autónoma e da UDC, cursos de formación docente universitaria e outros cursos relevantes para a praza convocada.

(É necesario achegar unha certificación da entidade organizadora)



II.5. Bolsas predoutorais		N.º Doc.:
<input type="checkbox"/> Bolsas - contratos predoutorais FPU, FPI, da UDC e outros homologables (é dicir, equivalentes pola súa contía similar, duración, procesos de selección e renovación, e natureza). <input type="checkbox"/> Bolsas - contratos predoutorais non homologables ás anteriores, convocadas por entidades ou centros de investigación públicos ou privados en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva. <input type="checkbox"/> Bolsas de colaboración para a investigación con cargo a proxectos de investigación <input type="checkbox"/> - Outras bolsas (indicar):		
(É necesario achegar a convocatoria da bolsa)		
(É necesario achegar unha certificación do período efectivo de duración por parte do organismo ou centro que a concede ou polo órgano competente da universidade ou centro de investigación)		

II.6. Estadías predoutorais		
Indíquese o centro, a duración da estadía e a data de realización.		
Centro		N.º Doc.:
Duración: semanas		
Data de realización: desde ata		
Centro		N.º Doc.:
Duración: semanas		
Data de realización: desde ata		
Centro		N.º Doc.:
Duración: semanas		
Data de realización: desde ata		
(É necesario achegar o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadía e duración desta)		



BLOQUE III. EXPERIENCIA DOCENTE

III.1. Experiencia docente universitaria

N.º Doc.:

Universidade:.....

Categoría: Horas impartidas:.....

Data de nomeamento: Data de cesamento:

Departamento:

Área de coñecemento:.....

Materias impartidas:

N.º Doc.:

Universidade:.....

Categoría: Horas impartidas:.....

Data de nomeamento: Data de cesamento:

Departamento:

Área de coñecemento:.....

Materias impartidas:

N.º Doc.:

Universidade:.....

Categoría: Horas impartidas:.....

Data de nomeamento: Data de cesamento:

Departamento:

Área de coñecemento:.....

Materias impartidas:

N.º Doc.:

Universidade:.....

Categoría: Horas impartidas:.....

Data de nomeamento: Data de cesamento:

Departamento:

Área de coñecemento:.....

Materias impartidas:

(É necesario achegar o certificado do vicerreitor con competencia en profesorado ou autoridade equivalente da correspondente universidade)

É necesaria a folla de servizos e unha certificación da docencia impartida.



III.1 bis. Docencia en diplomaturas, licenciaturas e graos en centros adscritos a universidades públicas ou docencia en universidades privadas

N.º Doc.:

Centro docente:

Universidade:

Materia:

Titulación:

N.º de horas impartidas: Ano académico:

N.º Doc.:

Centro docente:

Universidade:

Materia:

Titulación:

N.º de horas impartidas: Ano académico:

N.º Doc.:

Centro docente:

Universidade:

Materia:

Titulación:

N.º de horas impartidas: Ano académico:

N.º Doc.:

Centro docente:

Universidade:

Materia:

Titulación:

N.º de horas impartidas: Ano académico:

(É necesario achegar o certificado do vicerreitor con competencia en profesorado ou autoridade equivalente da correspondente universidade)

É necesaria a folla de servizos e unha certificación da docencia impartida.

III.2. Dirección de traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de mestrado (TFM)

Tipo: TFG TFM

Director/a/s

Alumno/a:

Título:

Curso académico:Universidade:

N.º Doc.:

Tipo: TFG TFM

Director/a/s

Alumno/a:

Título:

Curso académico:Universidade:

N.º Doc.:

Tipo: TFG TFM

Director/a/s

Alumno/a:

Título:

Curso académico:Universidade:

N.º Doc.:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes, expedidos pola autoridade académica competente, que acredite cada un dos apartados destes méritos alegados)

III.3. Titorías na UNED e outras universidades a distancia

Indíquese a materia e ano/s académico/s

Materia:

Ano/s académico/s

N.º Doc.:

Materia:

Ano/s académico/s

N.º Doc.:

Materia:

Ano/s académico/s

N.º Doc.:

(É necesario achegar o certificado do vicerreitor con competencia en profesorado o autoridade equivalente da correspondente universidade)



III.4. Docencia en ensinanza regradas en niveis non universitarios
 Indíquese o centro docente, o ano académico e o número de meses impartidos.

Centro docente:	N.º Doc.:
Ano académico:N.º de meses:	
Centro docente:	N.º Doc.:
Ano académico:N.º de meses:	
Centro docente:	N.º Doc.:
Ano académico:N.º de meses:	

(É necesario achegar o certificado da entidade correspondente)
(Só se computarán períodos de docencia cunha duración mínima de tres meses consecutivos)

III.5. Preparación de materiais docentes universitarios
Manuais docentes

Autores/as:.....	N.º Doc.:
Título:	
ISBN: Ano de publicación:	

Materiais dixitais

Autores/as:.....	N.º Doc.:
Título:	
ISBN: Ano de publicación:	

(Para valorar os manuais docentes presentarse un exemplar publicado deste)
(Para valorar os materiais dixitais é necesario achegar o certificado da entidade correspondente)



III.6. Valoración do último período sometido a Docencia

Sobresaliente/ moi favorable: 9 puntos

Notable: 7 puntos

Apto/favorable: 5 puntos

(Será necesario presentar a documentación acreditativa da avaliación)

N.º Doc.:

III.7. Outros méritos docentes

Docencia regrada noutras institucións universitarias, teses de licenciatura, titorización DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, formar parte de grupos departamentais de calidade etc.

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

(É necesario achegar o xustificante da entidade correspondente)



BLOQUE IV. PRODUCCIÓN INVESTIGADORA

IV.1. Contribucións de relevancia científica relacionadas coa área presentadas en congresos, conferencias e outros tipos de reunións ou eventos

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Tipo de participación: <input type="checkbox"/> Conferencia plenaria <input type="checkbox"/> Comunicación <input type="checkbox"/> Póster	
Congreso/reunión científica:	
Tipo de congreso/reunión/evento: <input type="checkbox"/> Internacional <input type="checkbox"/> Nacional	
Lugar de realización:	
Ano: Foi premiada? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Tipo de participación: <input type="checkbox"/> Conferencia plenaria <input type="checkbox"/> Comunicación <input type="checkbox"/> Póster	
Congreso/reunión científica:	
Tipo de congreso/reunión/evento: <input type="checkbox"/> Internacional <input type="checkbox"/> Nacional	
Lugar de realización:	
Ano: Foi premiada? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Tipo de participación: <input type="checkbox"/> Conferencia plenaria <input type="checkbox"/> Comunicación <input type="checkbox"/> Póster	
Congreso/reunión científica:	
Tipo de congreso/reunión/evento: <input type="checkbox"/> Internacional <input type="checkbox"/> Nacional	
Lugar de realización:	
Ano: Foi premiada? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	

(Para valorar as conferencias plenarias presentarse a carta de invitación, unha copia desta e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a súa exposición)

(Para valorar os pósteres e comunicacións orais presentarse copia destes e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a súa exposición/comunicación)



IV.2 Artigos de investigación en revistas periódicas

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Título:

Revista:

Volume: Ano: Páxinas:

A revista aparece nalgún repertorio? Si Non

En caso afirmativo, indique cal: JCR; ERIH; SJR; CORE; LATINDEX;
 IN-RECS; IN-RECJ; DICE

Se a revista aparece en JCR, SJR, IN-RECS, IN-RECJ, indique o cuartil: 1 2 3 4

Se a revista aparece en ERIH o CORE, indique a súa categoría: A* A B C

Se a revista aparece en LATINDEX, indique o n.º de criterios que cumpre:

26-28; 29-31; 32 ou máis

Se a revista aparece en DICE, indique a súa visibilidade: Alta; Media; Baixa

e a clasificación ANEP: A; B; C

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Título:

Revista:

Volume: Ano: Páxinas:

A revista aparece nalgún repertorio? Si Non

En caso afirmativo, indique cal: JCR; ERIH; SJR; CORE; LATINDEX;
 IN-RECS; IN-RECJ; DICE

Se a revista aparece en JCR, SJR, IN-RECS, IN-RECJ, indique o cuartil: 1 2 3 4

Se a revista aparece en ERIH o CORE, indique a súa categoría: A* A B C

Se a revista aparece en LATINDEX, indique o n.º de criterios que cumpre:

26-28; 29-31; 32 ou máis

Se a revista aparece en DICE, indique a súa visibilidade: Alta; Media; Baixa

e a clasificación ANEP: A; B; C

(Para valorar os artigos de investigación presentárase a publicación ou fotocopia destes, en volume ou separata, de cada un deles. Se o traballo non está publicado pero si está aceptado, será suficiente a carta de aceptación e a copia do traballo. Quedan expresamente excluídos da valoración neste apartado os traballos contidos nas actas de congresos.)



IV.3. Contribucións de relevancia científica relacionadas coa Área presentadas en congresos relevantes para os campos de Enxeñarías da Comunicación, Computación e Electrónica

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Congreso/reunión científica:	
Lugar de realización:	
Ano:	
Indicadores de impacto:	

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Congreso/reunión científica:	
Lugar de realización:	
Ano:	
Indicadores de impacto:	

Autor/a/s:	N.º Doc.:
Título:	
Congreso/reunión científica:	
Lugar de realización:	
Ano:	
Indicadores de impacto:	

(Para valorar as conferencias plenarias presentarse a carta de invitación/aceptación, unha copia desta e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a súa exposición)



IV.4. Libros, capítulos de libros, traducións etc. relacionados coa Área

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Título:

ISBN: Ano: Editorial:

Clave: Libro Capítulo Tradución, compilación, edición anotada Outros

Indicios de calidade:

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Título:

ISBN: Ano: Editorial:

Clave: Libro Capítulo Tradución, compilación, edición anotada Outros

Indicios de calidade:

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Título:

ISBN: Ano: Editorial:

Clave: Libro Capítulo Tradución, compilación, edición anotada Outros

Indicios de calidade:

(Para a valoración dos libros ou monografías presentarse un exemplar publicado deste)

(Para a valoración dos capítulos de libro presentarse unha fotocopia do capítulo completo, xunto coas primeiras páxinas do libro publicado onde se inclúa título, ISBN e índice)

(Para a valoración das traducións, compilacións ou edicións, presentarse un exemplar destas)

IV.5. Patentes en explotación e as concedidas pola Oficina Española de Patentes e Marcas

Autor/a/s:

N.º Doc.:

Patente:

Extensión da protección:

- Nacional
- Europea
- Internacional

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)



IV.6. Desenvolvementos tecnolóxicos importantes

Autor/a/s:

Desenvolvemento innovador:

Recoñecemento da comunidade científico-técnica:

N.º Doc.:

Autor/a/s:

Desenvolvemento innovador:

Recoñecemento da comunidade científico-técnica:

N.º Doc.:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)

IV.7. Proxectos de arquitectura, urbanísticos e de enxeñaría singulares e innovadores

Autor/a/s:

Proxecto:

Impacto na literatura especializada:

Premios e distincións:

Nome de exposicións relevantes en que se presentou:

N.º Doc.:

Autor/a/s:

Proxecto:

Impacto na literatura especializada:

Premios e distincións:

Nome de exposicións relevantes en que se presentou:

N.º Doc.:

Autor/a/s:

Proxecto:

Impacto na literatura especializada:

Premios e distincións:

Nome de exposicións relevantes en que se presentou:

N.º Doc.:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)



IV.8. Exposicións de prestixio e comisariado

N.º Doc.:

Autor:

Exposición:

Comisario:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)

IV.9. Creación de Empresas de Base Tecnolóxica (EBT)

N.º Doc.:

Autor:

Nome da EBT:

Participación no capital:

Período de participación:

Actividade de investigación do autor que deu lugar á EBT:

Datos actuais: Facturación:

Empregados:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)

BLOQUE V. EXPERIENCIA INVESTIGADORA RELACIONADA COA ÁREA

V.1. Bolsas - contratos

Tipo: "Ramón y Cajal"; Parga Pondal e similares; Posdoutoral UDC;
 "Juan de la Cierva" e similares; Outros

N.º Doc.:

Universidade: Países:

Departamento ou centro:

Entidade concesionaria:

Duración: desde ata

Tipo: "Ramón y Cajal"; Parga Pondal e similares; Posdoutoral UDC;
 "Juan de la Cierva" e similares; Outros

N.º Doc.:

Universidade: Países:

Departamento ou centro:

Entidade concesionaria:

Duración: desde ata

Tipo: "Ramón y Cajal"; Parga Pondal e similares; Posdoutoral UDC;
 "Juan de la Cierva" e similares; Outros

N.º Doc.:

Universidade: Países:

Departamento ou centro:

Entidade concesionaria:

Duración: desde ata

(É necesario achegar a convocatoria da bolsa/contrato)

(É necesario achegar unha certificación do período efectivo de goce por parte do organismo ou centro que a concede ou polo órgano competente da universidade ou centro de investigación de desenvolvemento)



V.2. Estadías posdoutorais

Indíquese o centro, a duración da estadía e a data de realización

Centro:

Duración: semanas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Centro:

Duración: semanas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Centro:

Duración: semanas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Centro:

Duración: semanas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

Centro:

Duración: semanas

Data de realización: desde ata

N.º Doc.:

(É necesario achegar o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadía e a súa duración)



V.3. Dirección de teses de doutoramento

Director/a/s

Doutorando/a:

Título:

Data de defensa: Universidade:

A tese posúe a Mención de Doutoramento Europeo/Internacional? Si Non

N.º Doc.:

Director/a/s

Doutorando/a:

Título:

Data de defensa: Universidade:

A tese posúe a Mención de Doutoramento Europeo/Internacional? Si Non

N.º Doc.:

Director/a/s

Doutorando/a:

Título:

Data de defensa: Universidade:

A tese posúe a Mención de Doutoramento Europeo/Internacional? Si Non

N.º Doc.:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes, expedidos pola autoridade académica competente, que acrediten os méritos alegados neste apartado)



V.4. Financiamento da investigación alleo á universidade

Só se valorarán os proxectos de investigación ou contratos cun mínimo de 6000 € obtidos para financiar a investigación

N.º Doc.:

Tipo: Proxecto de investigación Contrato

Título:

Entidade/empresa que a financia:

Importe: euros

Duración: desde ata

É responsable ou investigador/a principal? Si Non

N.º Doc.:

Tipo: Proxecto de investigación Contrato

Título:

Entidade/empresa que a financia:

Importe: euros

Duración: desde ata

É responsable ou investigador/a principal? Si Non

N.º Doc.:

Tipo: Proxecto de investigación Contrato

Título:

Entidade/empresa que a financia:

Importe: euros

Duración: desde ata

É responsable ou investigador/a principal? Si Non

(É imprescindible presentar un certificado de financiamento emitido polo organismo que concede o financiamento, ou polo órgano competente da correspondente universidade. Debe conter: nome do investigador principal ou responsable, nome do candidato como membro do proxecto ou contrato, datas de inicio e finalización do proxecto ou contrato e subvención económica concedida)



V.5. Acreditacións

N.º Doc.:

Acreditación nacional como profesor

- Axudante doutor/a:
- Contratado/a doutor/a:
- Profesor/a titular de universidade:

(Será necesario presentar o certificado da ANECA e axencias autonómicas)

V.6. Organización de congresos e simposios

N.º Doc.:

Tipo de congreso: Internacional Nacional

Congreso/Simposio:

Tipo de participación:

- Director/a/presidente/a
- Membro do comité científico
- Membro do comité organizador

Lugar de realización: Ano:

N.º Doc.:

Tipo de congreso: Internacional Nacional

Congreso/Simposio:

Tipo de participación:

- Director/a/presidente/a
- Membro do comité científico
- Membro do comité organizador

Lugar de realización: Ano:

N.º Doc.:

Tipo de congreso: Internacional Nacional

Congreso/Simposio:

Tipo de participación:

- Director/a/presidente/a
- Membro do comité científico
- Membro do comité organizador

Lugar de realización: Ano:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)



V.7. Outros méritos

Poden incluírse, entre outros, ser avaliador de publicacións periódicas, a avaliación como investigador da ANEP, formar parte de comisións avaliadoras de proxectos.

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

N.º Doc.:

(É necesario achegar o xustificante da entidade correspondente)

**BLOQUE VI. ACTIVIDADE PROFESIONAL RELACIONADA COA PRAZA, FÓRA DO
ÁMBITO ACADÉMICO UNIVERSITARIO**

MOI IMPORTANTE

**CUBRIRASE ESTE BLOQUE NAS PRAZAS EN QUE SEGUNDO O BAREMO APROBADO
SE VALORE A ACTIVIDADE PROFESIONAL**

VI.1. Actividade profesional

N.º Doc.:

(Deberán presentarse os correspondentes certificados, contratos ou xustificantes que acrediten a relación contractual dos postos e das funcións desempeñados (vida laboral, folla de servizos no caso de funcionarios e documento similar noutros casos. En calquera caso os documentos deben incluír a descrición dos postos e funcións desempeñados). Tamén é necesario indicar o número de documento ou documentos, segundo a numeración establecida ao inicio deste currículo)

VI.2. Titor de prácticas externas

N.º Doc.:

Inclúanse neste apartado os méritos relativos á actividade profesional que non poidan ser valorados nos dous apartados anteriores

(Deberán presentarse os correspondentes certificados ou xustificantes que acrediten os méritos alegados neste apartado)